

## X CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES - TROFEO J.A. VARELA CALVIÑO II CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO

26 DE MARZO DE 2022

O Concello da Coruña, a Fundación Emalcsa e a Fundación JuanSoñador colaboran na organización da **X CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES “Trofeo José Antonio Varela Calviño”**, dentro do circuío de Carreiras Populares Coruña Corre 2022, onde se integra a **II CARREIRA E ANDAINA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO**, coa finalidade común de:

- Promover a participación da cidadanía nas carreiras pedestres.
- Pór en práctica a través desta carreira as políticas públicas de respecto pola igualdade de xénero en todos os ámbitos e, neste caso concreto, no ámbito deportivo.
- Manifestar que a igualdade e a loita contra a violencia de xénero é algo de todas e todos, facendo unha carreira onde poidan participar mulleres, homes, nenas e nenos.
- Contribuír ao Proxecto Teranga Igualdade a través de doazóns voluntarias. Toda a información relativa á causa solidaria, publicarase nas páxinas web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) e [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares).

As persoas participantes que non desexen competir poderán facer unha andaina saíndo posteriormente e cun percorrido semellante ao da carreira. Estas persoas levarán un dorsal solidario nunha cor distinta, o dorsal 261.

Todas as doazóns irán parar directamente á fundación JuanSoñador, a través do seu Proxecto Teranga Igualdade, que traballa para conseguir que as mulleres migrantes se

empoderen e rompan o illamento, potenciando a conciencia cidadá dentro do colectivo para o exercicio dos seus dereitos e deberes. Mediante o seu **Programa Círculos de Mujeres-Malaikas** desenvolve accións de **acollida e información** para mulleres migrantes, **talleres formativos** para o empoderamento onde mulleres de diferentes culturas, identidades e vivencias se reúnan para compartir as súas fortalezas, as súas debilidades e a súa sabedoría da vida e **talleres lúdicos** que consolidan redes e alianzas entre mulleres a través de actividades que favorecen as relacións sociais.

A Fundación Emalcsa será a responsable de emitir un certificado nominal da doazón realizada para os efectos fiscais. É imprescindible que as persoas participantes lle autoricen a cesión de datos á Fundación Emalcsa na plataforma web de inscrición no mesmo momento de realizaren o donativo, respondendo a consulta de autorización que figurará no formulario de inscrición.

As normas relativas á carreira e á andaina son obxecto deste regulamento específico.

## O DORSAL 261

En 1967, Kathrine V. Switzer converteuse na primeira muller en correr un maratón cun dorsal oficial, o 261. Foi no Maratón de Boston.

Nesa época dábase por suposto que ningunha muller podía correr un maratón, de feito nin se contemplaba nos regulamentos esa posibilidade. Críase que esa distancia era demasiado longa para unha muller, que diminuía a súa feminidade e incluso a súa capacidade reprodutora.

Kathrine inscribiuse no maratón coas iniciais do seu nome e non se deron conta da súa presenza ata unha hora despois de empezar a carreira.

O director do maratón comezou a perseguila para quitarlle o dorsal e cando chegou á meta o único que recibiu foi unha descualificación por “mentir na súa inscrición”.

Ao día seguinte a súa imaxe saíu en todos os periódicos e ese foi o punto de partida para comezar a cambiar a mentalidade e as normas sobre a participación das mulleres nas carreiras de longa distancia.

A andaina solidaria Importaemoito organízase con motivo do 8 de marzo (Día Internacional das Mulleres) e en concreto para destacar a igualdade das mulleres no deporte.

Convocamos a todas e todos a loitar por esa igualdade.

## REGULAMENTO ESPECÍFICO DA X CARREIRA POPULAR TORRE DE HÉRCULES E II CARREIRA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO

### Artigo 1. Data de realización

Sábado, 26 de marzo de 2022

### Artigo 2. Inscripcións e cotas

#### Data límite e cota de inscrición na carreira

A data límite será ata as 23.59 horas do **domingo 20 de marzo de 2022**.

As inscricións faranse en liña nas páxinas [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares) ou [www.corunacorre.com](http://www.corunacorre.com).

A **cota de inscrición** para participar na carreira será de 3 € máis 2 € polo chip refugable (non reutilizable), coa excepción das persoas desempregadas, maiores de 65 anos e beneficiarias do Carné Xove, que será de 2 € máis 1 € polo chip refugable.

As persoas participantes en calquera categoría rexistradas no circuío deberán confirmar a súa participación inscribíndose na carreira, e utilizarán o dorsal único e chip para o circuío. En caso de non asistir á primeira cita poderán recollelo nesta carreira. Aquelas persoas non participantes no circuío que se inscriban puntualmente para esta carreira deberán retirar o seu dorsal nos horarios e lugares establecidos neste regulamento.

### Achega solidaria

Todas as persoas (incluídas as/os participantes menores) que fagan unha doazón das cantidades establecidas na plataforma: 3 €, 5 € ou superior a 5 €, teñen ademais o dereito a recibir unha **braga de pescozo conmemorativa #importaemoito xunto co dorsal**.

### Data límite e cota de inscrición no Circuito Coruña Corre 2022

O prazo para facer a inscrición individual, equipos e familia rematará ás 23.59 h do domingo 1 de maio, data na que finaliza o prazo de inscrición para a 3.<sup>a</sup> carreira do circuito, a XIV Baixada Popular de Cros San Pedro de Visma.

### Artigo 3. Horarios de saída e distancia

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	HORA	DISTANCIA
PEQUES*	Nadas/os no ano 2015 e posteriores. Menores de 8 anos	17.00	150 m aprox.
SUB 10 FEMININO*	Nadas/os no ano 2013 e 2014.	17.15	800 m aprox.
SUB 10 MASCULINO*	Fan 8 e 9 anos en 2022.	17.25	800 m aprox.
SUB 12 FEMININO*	Nadas/os no ano 2011 e 2012.	17.35	800 m aprox.
SUB 12 MASCULINO*	Fan 10 e 11 anos en 2022.	17.45	800 m aprox.
SUB 14 FEMININO	Nadas/os no ano 2009 e 2010.	17.55	1.600 m aprox.
SUB 14 MASCULINO	Fan 12 e 13 anos en 2022.	18.05	1.600 m aprox.
SUB 16	Nadas/os no ano 2007 e 2008. Fan 14 e 15 anos en 2022.	18.15	2.400 m aprox.
SUB 18	Nadas/os no ano 2005 e 2006. Fan 16 e 17 anos en 2022.	18.35	2.400 m aprox.
ABSOLUTA		20.00	6.625 m aprox.

\*Horarios orientativos en función da participación.

### Artigo 4. Lugar e recollida de dorsais

Os dorsais recolleranse na aula habilitada para o efecto na Cidade Deportiva da Torre os días:

- Venres 25 de marzo, das 17.00 ás 21.30 horas
- Sábado 26 de marzo, desde as 10.00 horas ata media hora antes do comezo de cada unha das carreiras.

**As persoas participantes que realizen a doazón poderán recoller a súa braga de pescozo conmemorativa #importaemoito xunto co dorsal.**

#### **Artigo 5. Lugar de saída e meta**

- Saída: Paseo dos Menhires (zona da estatua a Breogán)
- Meta: Torre de Hércules

#### **Artigo 6. Peche de control da carreira absoluta**

Ás 21.00 horas

#### **Artigo 7. Servizo de duchas e vestiario**

Na Cidade Deportiva da Torre. O servizo de duchas será só para as persoas participantes na categoría absoluta e estará dispoñible a partir das 19.30 h.

#### **Artigo 8. Servizo de gardarroupa**

No frontón da Cidade Deportiva da Torre, en horario de 19.00 a 21.55 h

#### **Artigo 9. Uso e devolución do chip**

- a) O chip ten que ir correctamente atado nos cordóns das zapatillas deportivas ou cunha nocelleira á altura do nocello, ou pegado ao dorsal segundo o tipo de chip que utilice a persoa corredora. Chip amarelo das/os propietarias/os (non se devolve).
- b) Chip para todo o circuíto (non se devolve ata a finalización deste).

- c) Chip desbotable pegado ao dorsal, de uso exclusivo para cada unha das carreiras (non se devolve).

## Artigo 10. Avituallamento na meta

Proporcionaráselles auga e avituallamento sólido a todas as persoas participantes en cada unha das categorías no punto de avituallamento que estará situado nun lugar visible despois da meta.

## Artigo 11. Clasificacións

Poderase consultar a clasificación da carreira a través do código QR do dorsal.

## Artigo 12. Horario e lugar da entrega de premios

### Horario

**CATEGORÍAS INFERIORES:** ás 19.10 horas (categorías sub-10, sub-12, sub-14, sub-16 e sub-18)

**CARREIRA ABSOLUTA:** ás 21.15 horas

Entregaráselles o Trofeo Varela Calviño ás persoas vencedoras absolutas, ao primeiro home e á primeira muller da carreira absoluta.

### Lugar

#### **FRONTÓN DA CIDADE DEPORTIVA DA TORRE**

Exclusivamente poderán subir ao podio os/as atletas premiados/as.

Con carácter xeral, as e os atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega perderán o dereito a recollelo.

Aquelas persoas que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega deberán poñerse en contacto co Servizo Municipal de Deportes, onde se custodiarán os trofeos non recolleitos durante un prazo máximo de 15 días.

## REGULAMENTO ESPECÍFICO DA II ANDAINA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO 26 DE MARZO DE 2022

Aquelas persoas que non desexen competir na carreira poderán participar na andaina solidaria Importaemoito.

As persoas participantes na andaina sairán uns 5 minutos despois da carreira, e farano neste caso en sentido contrario á carreira, cara ao monumento a Breogán, virando na rotonda cara á rúa Dr. Vázquez Iglesias e incorporándose ao circuíto da carreira na rotonda de Durmideiras. A volta de retorno da andaina realizarase á altura da intersección do paseo marítimo coa rúa Julio Portela Ceballos.

Poderá participar na andaina calquera persoa con independencia da súa idade. No caso das persoas menores de idade, será responsabilidade dos pais, nais e/ou titores/as legais inscribilas na andaina. En todo caso, aquelas persoas que non se vexan capaces de recorrer toda a andaina sempre poderán abandonala, posto que o percorrido transcorre preto do Paseo Marítimo.

**Será obrigatorio abandonar a andaina no caso de que non se cumpra co horario de peche da proba, que rematará ás 21.15 horas.**

As persoas participantes na andaina deberán levar un dorsal solidario (dorsal 261). Para obter o dorsal solidario deberase realizar unha doazón a través da páxina [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares) ou [www.corunacorre.com](http://www.corunacorre.com).

As doazóns poderán ser de 3 €, 5 € ou unha cantidade de libre vontade (superior a 5 €).

**As persoas que fagan unha doazón recibirán de regalo unha braga de pescozo #importaemoito conmemorativa da carreira e andaina.**

Todas as doazóns irán parar directamente á Fundación JuanSoñador e serán destinadas integramente ao Proxecto Teranga Igualdade.

### Artigo 1. Inscricións

A data límite será ata as 23.59 horas do domingo 20 de marzo de 2022.



As inscricións faranse en liña nas páxinas web [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares) ou [www.corunacorre.com](http://www.corunacorre.com).

## Artigo 2. Participantes

Poderán participar na andaina todas aquelas persoas que o desexen sempre e cando estean correctamente inscritas no tempo e na forma que procedan.

A inscrición das persoas menores de idade deberase realizar cumprindo as normas que se recollen na plataforma en liña, onde figurará expresamente a autorización para participar na marcha da titora ou titor que a formalice, así como para saír en calquera das reportaxes fotográficas ou de vídeo que utilice a organización para divulgar a carreira e a andaina.

## Artigo 3. Horarios de saída e distancia

A saída producirase a continuación da carreira da categoría absoluta, ás 20.05 horas, pero neste caso realizarán a saída en sentido contrario á carreira, cara ao monumento a Breogán, virando na rotonda cara á rúa Dr. Vázquez Iglesias e incorporándose ao circuíto da carreira na rotonda de Durmideiras. A volta de retorno da andaina realizarase á altura da intersección do paseo marítimo coa rúa Julio Portela Ceballos.

O percorrido da andaina será duns 4.750 metros aproximadamente.

## Artigo 4. Lugar de recollida de dorsais

O dorsais recolleranse na Cidade Deportiva da Torre os días:

- Venres 25 de marzo, das 17.00 ás 21.30 horas
- Sábado 26 de marzo, desde as 10.00 ata as 20.00 horas.

Xunto cos dorsais entregarase unha **braga de pescozo conmemorativa #importaemoito**.

## Artigo 5. Lugar de saída e meta

Paseo dos Menhires

## Artigo 6. Peche de control da andaina

Ás 21.15 horas.

## Artigo 7. Servizo de gardarroupa

No frontón da Cidade Deportiva da Torre, en horario de 19.00 a 21.45 horas.

## Artigo 8. Avituallamento na meta

Proporcionaráselles auga ás persoas participantes no punto de avituallamento que estará situado nun lugar visible despois da meta.

## Artigo 9. Responsabilidade

A participación no evento será baixo a responsabilidade e risco de cada unha das persoas participantes.

Quen participe manifesta, no momento da inscrición, que se atopa en plenas facultades físicas e mentais para participar na andaina, así como que non padece ningún tipo de enfermidade que a/o incapacite para a práctica deportiva.

Coa inscrición exímesele á organización de calquera dano sufrido durante os adestramentos previos ou durante a realización da andaina.

A organización non se fai responsable dos danos materiais ou morais que se lle poidan ocasionar ás persoas participantes na proba, nin tampouco das posibles negligencias ou imprudencias que poidan cometer as persoas participantes na andaina.

## MEDIOS DE CONTACTO

Servizo Municipal de Deportes (Palacio dos Deportes de Riazor, 1.º andar), de luns a venres de 9.00 a 14.00 horas.

Por correo electrónico no enderezo [carreraspopulares@coruna.es](mailto:carreraspopulares@coruna.es)

Teléfonos de información: 981 189 800 (Ext. 25025 - 25038)

Web: [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares)

## X CARRERA POPULAR TORRE DE HÉRCULES - TROFEO J.A. VARELA CALVIÑO II CARREIRA Y ANDAINA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO

26 DE MARZO DE 2022

El Ayuntamiento de A Coruña, la Fundación Emalcsa y la Fundación JuanSoñador colaboran en la organización de la **X CARRERA POPULAR TORRE DE HÉRCULES “Trofeo José Antonio Varela Calviño”**, dentro del circuito de Carreras Populares Coruña Corre 2022, donde se integra la **II CARRERA Y ANDAINA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO**, con la finalidad común de:

- Promover la participación de la ciudadanía en las carreras pedestres.
- Poner en práctica a través de esta carrera las políticas públicas de respeto por la igualdad de género en todos los ámbitos y, en este caso concreto, en el ámbito deportivo.
- Manifestar que la igualdad y la lucha contra la violencia de género es algo de todas y todos, haciendo una carrera donde puedan participar mujeres, hombres, niñas y niños.
- Contribuir ao Proxecto Teranga Igualdade, a través de donaciones. Toda la información relativa a la causa solidaria, se publicará en las páginas web [www.coruna.gal/deportes](http://www.coruna.gal/deportes) y [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares).

Las personas participantes que no deseen competir podrán hacer una Andaina con salida inmediatamente posterior a la carrera y en sentido contrario, hacia el monumento a Breogán, girando en la rotonda hacia la Calle Dr. Vázquez Iglesias, incorporándose al circuito de la carrera en la rotonda de Adormideras. La vuelta de retorno de la Andaina, se realizará en el cruce del paseo marítimo a la altura de la Calle Julio Portela Ceballos. Estas personas llevarán un dorsal solidario en un color distinto, el dorsal 261. Todas las donaciones irán a parar directamente a la fundación JuanSoñador a través de su Proyecto

Teranga Igualdad, que trabaja para conseguir que las mujeres migrantes se empoderen y rompan el aislamiento, potenciando la conciencia ciudadana dentro del colectivo para el ejercicio de sus derechos y deberes. Mediante su **Programa Círculos de Mujeres-Malaikas** desarrolla acciones de **acogida e información** para mujeres migrantes, **talleres formativos** para el empoderamiento donde mujeres de diferentes culturas, identidades y vivencias, se reúnan para compartir sus fortalezas, sus debilidades y su sabiduría de la vida, y **talleres lúdicos** que consolidan redes y alianzas entre mujeres a través de actividades que favorecen las relaciones sociales.

La Fundación Emalcsa será la responsable de emitir un certificado nominal de la donación realizada para los efectos fiscales. Es imprescindible que las personas participantes autoricen la cesión de datos a la Fundación Emalcsa en la plataforma web de inscripción en el mismo momento de realizar el donativo, respondiendo la consulta de autorización que figurará en el formulario.

Las normas relativas a la carrera y a la andaina son objeto de este reglamento específico.

## EI DORSAL 261

En 1.967, Kathrine V. Switzer se convirtió en la primera mujer en correr un maratón con un dorsal oficial, el 261. Fue en el Maratón de Boston.

En esa época se daba por supuesto que ninguna mujer podía correr un maratón, de hecho, ni se contemplaba en los reglamentos esa posibilidad. Se creía que esa distancia era demasiado larga para una mujer, que disminuía su feminidad e incluso su capacidad reproductora.

Kathrine se inscribió en el maratón con las iniciales de su nombre y no se dieron cuenta de su presencia hasta una hora después de empezar la carrera.

El director del maratón comenzó a perseguirla para quitarle el dorsal y cuando llegó a la meta lo único que recibió fue una descalificación por “mentir en su inscripción”.

Al día siguiente, su imagen salió en todos los periódicos y ese fue el punto de partida para comenzar a cambiar la mentalidad y las normas sobre la participación de las mujeres en las carreras de larga distancia.

**La andaina solidaria Importaemoito se organiza con motivo del 8 de marzo (Día Internacional de las Mujeres) y en concreto para destacar la Igualdad de las Mujeres en el Deporte.**

**Se convoca a todas y todos a luchar por esa Igualdad.**

## **REGLAMENTO ESPECÍFICO DE LA X CARRERA POPULAR TORRE DE HÉRCULES Y II ANDAINA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO**

### **Artículo 1. Fecha de celebración**

Sábado, 26 de marzo de 2022

### **Artículo 2. Inscripciones y cuotas**

#### Fecha límite y cuota de inscripción en la carrera

La fecha límite será hasta las 23:59 horas del **domingo 20 de marzo de 2022**.

Las inscripciones se harán online en las páginas [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares) o [www.corunacorre.com](http://www.corunacorre.com).

La cuota **de inscripción** para participar en la carrera será de 3€ más 2€ por el chip desechable, con la excepción de las personas desempleadas, mayores de 65 años y beneficiarias del Carné Joven, que será de 2€ más 1€ por el chip desechable.

Las personas participantes en cualquier categoría inscritas en el circuito deberán confirmar su participación inscribiéndose en la carrera, y utilizarán el dorsal único y chip para el circuito. En caso de no haber asistido a la primera cita podrán recogerlo en esta carrera. Aquellas personas no participantes en el circuito que se inscriban puntualmente

para esta carrera deberán retirar su dorsal en los horarios y lugares establecidos en este reglamento.

## Aportación solidaria

Todas las personas (incluidas las/los participantes menores) que hagan una donación de las cantidades establecidas en la plataforma: 3€, 5€ o superior a 5€, tienen además el derecho a recibir una **braga de cuello conmemorativa #importaemoito junto con el dorsal**.

## Fecha límite y cuota de inscripción en el Circuito Coruña Corre 2022

El plazo para hacer la inscripción individual, equipos y familia, terminará a las 23:59h. del domingo 1 de mayo fecha en la que finaliza el plazo de inscripción para a 3ª carrera del Circuito, la XIV Baixada Popular de Cross San Pedro de Visma.

## Artículo 3. Horarios de salida y distancia

CATEGORÍA	AÑO DE NACIMIENTO	HORA*	DISTANCIA
PEQUES	nacidas/os en el año 2015 y posteriores. Menores de 8 años	17:00	150 m aprox.
SUB 10 FEMENINO	nacidas/os en el año 2013 y 2014. Cumplidos durante el año 8 y 9 años	17:15	800 m aprox.
SUB 10 MASCULINO		17:25	800 m aprox.
SUB 12 FEMENINO	nacidas/os en el año 2011 y 2012. Cumplidos durante el año 10 y 11 años	17:35	800 m aprox.
SUB 12 MASCULINO		17:45	800 m aprox.
SUB 14 FEMENINO	nacidas/os en el año 2009 y 2010. Cumplidos durante el año 12 y 13 años	17:55	1.600 m aprox.
SUB 14 MASCULINO		18:05	1.600 m aprox.
SUB 16	nacidas/os en el año 2007 y 2008. Cumplidos durante el año 14 y 15 años	18.15	2.400 m aprox.
SUB 18	nacidas/os en el año 2005 y 2006. Cumplidos durante el año 16 y 17 años	18:35	2.400 m aprox.
ABSOLUTA		20.00	6.625 m aprox.

*\*Horarios orientativos en función de la participación.*

#### Artículo 4. Lugar y recogida de dorsales

Los dorsales se recogerán en el aula habilitada para el efecto en la Ciudad Deportiva de La Torre los días:

- Viernes 25 de marzo, de 17:00 a 21:30 horas
- Sábado 26 de marzo, desde las 10.00 horas hasta ½ hora antes del comienzo de cada una de las carreras.

**Las personas participantes que hayan realizado la donación podrán recoger su braga de cuello conmemorativa #importaemoito, junto con el dorsal.**

#### Artículo 5. Lugar de salida y meta

- Salida: Paseo de los Menhires (zona de la estatua a Breogán)
- Meta: Torre de Hércules

#### Artículo 6. Cierre de control de la carrera absoluta

A las 21:00 horas

#### Artículo 7. Servicio de duchas y vestuario

En la Ciudad Deportiva de la Torre. El servicio de duchas será sólo para las personas participantes en la categoría absoluta y estará disponible a partir de las 19:30 h.

#### Artículo 8. Servicio de guardarropa

En el frontón de la Ciudad Deportiva de la Torre, en horario de 19:00 a 21:45 h

#### Artículo 9. Uso y devolución del chip

- a) El chip ha de ir correctamente atado en los cordones de las zapatillas deportivas o con una tobillera a la altura del tobillo, o pegado al dorsal según el tipo de chip que utilice la persona corredora. Chip amarillo en propiedad (no se devuelve).
- b) Chip para todo el circuito (no se devuelve hasta la finalización de este).



- c) Chip desechable pegado al dorsal, de uso exclusivo para cada una de las carreras (no se devuelve).

### Artículo 10. Avituallamiento en meta

Se proporcionará agua y avituallamiento sólido a todas las personas participantes en cada una de las categorías en el punto de avituallamiento que estará situado en un lugar visible después de la meta.

### Artículo 11. Clasificaciones

Se podrá consultar la clasificación de la carrera a través del código QR del dorsal.

### Artículo 12. Horario y lugar de la entrega de premios

#### Horario

**CATEGORÍAS MENORES:** a las 19.10 horas (categorías sub-10, sub-12, sub-14, sub-16 y sub-18)

**CARRERA ABSOLUTA:** a las 21.15 horas.

Se les entregará el Trofeo Varela Calviño a las personas vencedoras absolutas, al primero hombre y a la primera mujer de la carrera absoluta.

#### Lugar

#### **FRONTÓN DE LA CIUDAD DEPORTIVA DE LA TORRE**

Exclusivamente podrán subir al podio los y las atletas premiadas.

Con carácter general, las y los atletas que no se presenten a la recogida de su premio en el momento de la entrega perderán el derecho a recogerlo.

Aquellas personas que puedan alegar una causa justificada por su ausencia en el momento de la entrega deberán ponerse en contacto con el Servicio Municipal de Deportes, donde se custodiarán los trofeos no recogidos durante un plazo máximo de 15 días.

## REGLAMENTO ESPECÍFICO DE LA II ANDAINA SOLIDARIA #IMPORTAEMOITO 26 DE MARZO DE 2022

Aquellas personas que no deseen competir en la carrera podrán participar en la andaina solidaria IMPORTAEMOITO

La andaina saldrá unos 5 minutos después de la carrera, y lo hará en este caso en sentido contrario a la carrera, hacia el monumento a Breogán, girando en la rotonda hacia la calle Dr. Vázquez Iglesias, incorporándose al circuito de la carrera en la rotonda de Adormideras. La vuelta de retorno de la andaina, se realizará a la altura del cruce del paseo marítimo con la Calle Julio Portela Ceballos.

Podrá participar en la andaina cualquier persona con independencia de su edad. En el caso de las personas menores de edad, será responsabilidad de los padres, madres y/o tutores/as inscribirlos en la andaina. En todo caso, aquellas personas que no se vean capaces de recorrer toda la andaina siempre podrán abandonarla puesto que el recorrido transcurre cerca del Paseo Marítimo.

**Será obligatorio abandonar la andaina en el caso de que no se cumpla con el horario de cierre de la prueba, que finalizará a las 21:15 horas.**

Las personas participantes en la andaina deberán llevar un dorsal solidario (dorsal 261). Para obtener el dorsal solidario se deberá realizar una donación a través de la página [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares) o [www.corunacorre.com](http://www.corunacorre.com).

Las donaciones podrán ser de 3€, 5€ o una cantidad de libre voluntad (superior a 5€).

**Las personas que hagan una donación recibirán de regalo una braga de cuello #importaemoito, conmemorativa de la carrera y andaina.**

Todas las donaciones irán a parar directamente a la Fundación JuanSoñador y serán destinadas íntegramente ao Proxecto Teranga Igualdade.

### Artículo 1. Inscripciones

La fecha límite será hasta las 23:59 horas del domingo 20 de marzo de 2022.

Las inscripciones se harán online en las páginas web [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares) o [www.corunacorre.com](http://www.corunacorre.com).

### Artículo 2. Participantes

Podrán participar en la andaina todas aquellas personas que lo deseen siempre y cuando estén correctamente inscritas en tiempo y forma.

La inscripción de las personas menores de edad deberá realizarse cumpliendo las normas que se recogen en la plataforma *online*, donde figurará expresamente la autorización para participar en la marcha de la tutora o tutor que la formalice, así como para salir en cualquiera de los reportajes fotográficos o de vídeo que utilice la organización para divulgar la carrera y la andaina.

### Artículo 3. Horarios de salida y distancia

La salida se producirá a continuación de la carrera de la categoría absoluta, a las 20.05 horas, pero en este caso realizarán la salida en sentido contrario a la carrera, hacia el monumento a Breogán, girando en la rotonda hacia la calle Dr. Vázquez Iglesias, incorporándose al circuito de la carrera en la rotonda de Adormideras. La vuelta de retorno de la andaina, se realizará en el cruce del paseo marítimo a la altura de la Calle Julio Portela Ceballos

El recorrido de la andaina será, unos 4.750 metros aproximadamente.

### Artículo 4. Lugar de recogida de dorsales

Los dorsales se recogerán en la Ciudad Deportiva de la Torre los días:

- Viernes 25 de marzo, de 17:00 a 21:30 horas

- Sábado 26 de marzo, desde las 10.00 horas hasta las 20:00 horas.

Junto con los dorsales se entregará la braga de cuello conmemorativa #importaemoito.

### **Artículo 5. Lugar de salida y meta**

Paseo de los Menhires

### **Artículo 6. Cierre de control de la andaina**

A las 21:15 horas.

### **Artículo 7. Servicio de guardarropa**

En el frontón de la Ciudad Deportiva de la Torre, en horario de 19:00 a 21:45 horas.

### **Artículo 8. Avituallamiento en meta**

Se proporcionará agua a las personas participantes en el punto de avituallamiento que estará situado en un lugar visible después de la meta.

### **Artículo 9. Responsabilidad**

La participación en el evento será bajo la responsabilidad y riesgo de cada una de las personas participantes.

Quien participe manifiesta, en el momento de la inscripción, que se encuentra en plenas facultades físicas y mentales para participar en la andaina, así como que no padece ningún tipo de enfermedad que la/lo incapacite para la práctica deportiva.

Con la inscripción se exime a la organización de cualquier daño sufrido durante los entrenamientos previos o durante la realización de la andaina.

La organización no se hace responsable de los daños materiales o morales que se le puedan ocasionar a las personas participantes en la prueba, ni tampoco de los posibles descuidos o imprudencias que puedan cometer las personas participantes en la andaina.

## MEDIOS DE CONTACTO

Servicio Municipal de Deportes (Palacio de los Deportes de Riazor, 1ª planta), de lunes a viernes de 9:00 a 14:00 horas.

Por correo electrónico en la dirección [carreraspopulares@coruna.es](mailto:carreraspopulares@coruna.es)

Teléfonos de información: 981 18 98 00 (\*Ext. 25025 - 25038)

Web: [www.coruna.gal/carreiraspopulares](http://www.coruna.gal/carreiraspopulares)